

XVI DÍA MUNICIPAL DA FAMILIA

"ANO INTERNACIONAL DA RECONCILIACIÓN"

Domingo 14 de xuño de 2009

de 10 da mañá a 10 da noite na ANTIGA UNIVERSIDADE LABORAL

!!GRAN ROMARÍA!!


Municipal e das asociacións de Culleredo

Vén sendo habitual que o "Día Municipal da Familia" o adiquemos a causas universais coincidentes coas convocatorias de Organizacións internacionais, como neste caso no que a ONU decreta o "Ano Internacional da Reconciliación", cando na encrucillada actual da civilización global asistimos a estalidos de violencia, desintegración social; cando se desenvolven novas barbaries contra das minorías, aumenta o número de refuxiados, avanza a destrución ambiental, a contaminación das augas, o aire, os alimentos, novas enfermidades, desastres tecnolóxicos, ocorren suicidios colectivos e preséntase o nihilismo como derrube de valores e paradigmas; por iso é perentorio e vital proclamar a Reconciliación como un camiño que nos leva á consecución da Paz mundial.

Reconciliación é unha palabra que transcribe "a acción de restituír relacións quebrantadas, que significa restituír a unidade perdida pola humanidade, a causa do noso egoísmo, a ambición de poder, o afán de dominio sobre a natureza. Actitudes e paixóns que conducen á humanidade a unha ruptura consigo mesma e constituír dicotomías irreconciliables que persisten a través das épocas, involucrándose na guerra total, a discriminación e a catástrofe ecolóxica.

A Reconciliación é a vía da paz para mulleres e homes, para recuperar os equilibrios e as cadeas que sosteñen a natureza e o planeta, para rematar cos muros de intransixencias e egocentrismo, entre norte/sur, ricos/pobres, home/muller, xoves/vellos, cristiáns/islámicos, Goberno/cidadáns, Estados entre si. Reconciliación.

Disfrutemos, pois, das actividades programadas para esta XVI edición do "Día da Familia", pero tamén reflexionando sobre como podemos contribuír para facer deste mundo un espazo para unha vida mellor.



Asdo.: Julio Sacristán de Diego
O Alcalde



CULLEREDO
CONCELLO

ACTIVIDADES



ACTIVIDADES DEPORTIVAS: Aerobic - Chave - Quards - Baloncesto - Tirolina e Túnel Aventura - Balonmán.

☆ PARQUE TEMÁTICO DE FÚTBOL • 10-20 horas ☆

ACTIVIDADES CULTURAIS: Folclóricas - Rondallas - Coros - Música Étnica.

PALCO CENTRAL	POLO RECINTO
<p>mañán:</p> <p>11:45 ESCOLAS MUNICIPAIS DE BAILE GALEGO 12:15 BANDA DE GAITAS "AIRIÑOS DE FENE" 12:55 HOMENAXE DO CONCELLO AO MEMBRO DE PROTECCIÓN CIVIL "ANA BRA" 13:00 ACTUACIÓN ESTELAR: MUCHA E NUCHA "AS PANDERETEIRAS DE ARDEBULLO"</p> <p>tarde:</p> <p>16:30 GRUPO DE GAITAS "TOXOS E XESTAS" DO C.C.DE RUTIS 17:00 GRUPO MUSICAL DE MAIORES DE CULLEREDO 17:30 CORAL DE MAIORES DE CULLEREDO 18:00 CORAL DE MULLERES DE VILABOA 18:30 CORAL "FONTE DO SOUTO" DE CULLEREDO 19:00 AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "ANCORADOIRA" DO CONCELLO DE CULLEREDO 19:30 ESPECTÁCULO "DE DANZA DO VIENTRE": "A PRINCESA SORAYA"</p>	<p>12:00 C. AERÓBIC CULLEREDO: CHEAR LEADER</p> <p>17:00 TEATRO DE RÚA CO GRUPO "TEATRO DA GAVELA" E O ESPECTÁCULO "O CONDE DE ALARCOS"</p>

- **OBRAIDOIROS LÚDICO EDUCATIVOS**
- **OBRAIDOIROS DE CORRESPONSABILIDADE**
- **CULLEREDO POR MÁIS SAUDE (solidaridade galega)**

CULLEREDOLANDIA: Obradoiros de coiro, globoflexia, abalorios, karaoke, invchables, circuitos de karts, rocódromo, obradoiros con Wii, pista americana, fútbol humano, tren infantil, sumo, touro mecánico, gardería...

EXPO-SOLIDARIA: Mestura, Alcer Coruña, Hirmandade de doantes, Tierra de hombres, Asociación de Aseser-Teranga, ASPADISOL, DISMACOR, ADEGA Coruña, DMD

GASTRONOMÍA: Traer a comida, facela aquí ou mercala nos postos. (Pulpeiras - Bocatas - Tapas - Bares - Churrasco - sardiñas).

EXPOSICIÓN:

Departamentos Municipais: Deportes, Cultura, Ensino, Xuventude, Asuntos Sociais, Desenvolvemento Local e Turismo, Formación e Emprego, Medio Ambiente e Servizos, Urbanismo, policía, Muller.

Exposicións de Culleredo: Club de montaña "O Carrucho", Agrupación Deportiva "A Pedrosa", Asociación do Comercio de Culleredo., Asociación de Mulleres "A Xeca", S.C.R. e Social, "O Burgo", AA.MM. "Rosalia de Castro", Coeticor.

EXPOSICIÓN BONSAI. ASOCIACIÓN BONSAI CORUÑA.

MAGO ANTÓN E AMIGOS
VIII FESTIVAL INTERNACIONAL DE MAXIA
SÁBADO 13 DE XUÑO
22:00 H. PRAZA DE GALICIA
"JORGE BLASS" (MADRID)